

Estimadas familias:

Dámosvos a benvida ao

Campamento de Verán 2021

O Campamento de Verán 2021 é un espazo lúdico e educativo co que se pretende facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Neste campamento as nenas e nenos estarán atendidos por persoal especializado e desenvolverán actividades, dinámicas e xogos cos que traballaremos igualdade de xénero, o coidado a unha mesma e un mesmo, o respecto á diversidade social, cultural, funcional, etc., a imaxinación e a creatividade, a importancia do coidado do medioambiente, a práctica deportiva, ... pero sobre todo, **a diversión**.

Campamento de Verán 2021 promete descubrir, amosar, buscar, rastrexar e investigar cousas, lugares, sons, personaxes, músicas, deportes, profesións, costumes, lendas, a historia, o imaxinario, as festas, ... a actualidade de Fisterra como realidade máis próxima e darlles unha volta creativa e divertida transformándoos en actividades do campamento.

A continuación presentámosvos toda a información precisa para o funcionamento do campamento, en todo caso calquera aviso, dúbida ou suxestión, non dubidedes en poñervos en contacto con nós nos seguintes teléfonos:

TELÉFONO 24 HORAS: 699 960 014

TELÉFONO COORDINADORA CAMPAMENTO: 682 684 288

TELÉFONO SENES Cít SL: 981 140 890

o **Campamento de Verán 2021** desenvolverase do 1 de xullo ao 31 de agosto, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

A continuación preséntase graficamente o desenvolvemento temporal xenérico proposto para un día estándar:

HORARIO	ACTIVIDADE	BREVE DESCRICIÓN
9:00 – 9:30h	BENVIDA E ACTIVACIÓN	Proporanse xogos e dinámicas de activación e de cohesión grupal ... pretendemos comezar a mañá coa máxima enerxía.
9:30 – 11:00h	OBRADOIRO	Divididos por idades os nenos e nenas elaborarán manualidades creativas e orixinais que axudarán a mellorar a súa coordinación e destrezas manuais.
11:00 - 11:30h	PINCHO	Bo proveito!!! É a hora de merendar e para isto debemos estar tranquilos e relaxados. Para elo todas/os xuntos leremos un conto que nos permitirá desenvolver a nosa imaxinación e aprender novos valores e actitudes. Proponse a continuación un menú san e equilibrado para os nenos e nenas.
11:30 – 12:45h	ACTIVIDADE EN GRUPO	Divididos por idades ou en gran grupo, os nenos e nenas realizarán diferentes tipos de actividades divertidas, educativas, creativas, movidas, ... con diferentes temáticas.
12:45 - 14:00h	ACTIVIDADE EN GRAN GRUPO (de ser posible)	Hora de xogar!!!: dependendo do día da semana realizaremos un tipo de xogo diferente: xogos predeportivos, deportes, xogos populares, grandes xogos, etc.

CHEGADA

A chegada ao **Campamento de Verán 2021** realizarase ás **9.00 horas**, o monitorado recollerá no exterior das instalacións ás nenas e nenos.

Para elo as familias esperarán a que as atenda unha monitora. Debido á situación excepcional á que nos obriga o coronavirus, procuraremos que accedan ás instalacións as menos persoas posibles.

RECOLLIDA

A recollida do **Campamento de Verán 2021** realizarase ás **14.00 horas**, o monitorado fará entrega no exterior das instalacións ás nenas e nenos.

Prégase a máxima puntualidade nos horarios de chegada e recollida.

Calquera incidencia na chegada ou recollida dos nenos e nenas recoméndase comunicala nos seguintes teléfonos:

TELÉFONO 24 HORAS: 699 960 014

TELÉFONO COORDINADORA CAMPAMENTO: 682 684 288 (en horario de campamento)

As nenas e nenos só se entregarán a aquelas persoas con autorización de recollida. Ás persoas autorizadas poderáselles solicitar a súa identificación sempre que se considere necesario.

Calquera cambio que desexedes facer nas autorizacións debedes dirixirvos aos Servizos Sociais Municipais.

A MOCHILA DAS NENAS E NENOS

A recomendación de cousas a incluír na mochila diaria das nenas e nenos participantes no **Campamento de Verán 2021** son as seguintes:

- ➔ O aperitivo.
- ➔ Botella de auga.
- ➔ Gorra para o sol.
- ➔ Crema de protección solar.
- ➔ Máscara de reposto.
- ➔ Estoxo co material que vos sobrou do curso escolar (voluntario)
- ➔ Pódese enviar unha muda para aqueles nenos e nenas con dificultades no control de esfínteres.
- ➔ Así mesmo, para as nenas e nenos máis pequenos pódese enviar un mandilón ou camiseta para protexer a roupa cando traballemos con pinturas, barro, etc.

O APERITIVO

Os nenos e nenas participantes no **Campamento de Verán 2021** deberán traer un aperitivo para picar a media mañá, así como **unha botella de auga para manterse hidratados e hidratadas durante as actividades**.

Dende SENES Cit SL e co obxecto de traballar transversalmente a educación para a saúde e a alimentación saudable, solicitámosvos ás familias que os aperitivos que envíen ás súas fillas e fillos sexan o máis saudables posible e xiren cada día en torno a un grupo de alimentos, por exemplo:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
LÁCTEOS	FROITA	BISCOITO, GALLETAS, CHOCOLATE	BOCADILLO	FROITOS SECOS OU CEREALES
				

Deste xeito, converteremos o aperitivo nun elemento socioeducativo máis do campamento co que continuar a traballar con rapazas e rapaces un contido transversal proposto: **a educación para a saúde**.

XOGOS DE AUGA

Os días que realicemos xogos de auga avisarémovos o día anterior á actividade mediante circular.

Os días de xogos de auga, a mochila diaria de nenos e nenas deberá incluír ademais:

- ➔ Bañador.
- ➔ Calzado que se poda mollar e non escorregue (chancas non)
- ➔ Toalla.
- ➔ Unha bolsa plástica para gardar toda a roupa mollada tras o baño.

OS ROTEIROS

Os días que realicemos roteiros avisarémovos o día anterior á actividade mediante circular.

As recomendacións para os roteiros son:

- ➔ Roupas deportivas.
- ➔ Calzado cómodo.
- ➔ Gorra para o sol.
- ➔ Crema de protección solar.

MATERIAL PARA TRAER POLAS NENAS E NENOS PARA AS ACTIVIDADES

Para o **Campamento de Verán 2021** precisamos que nos axudeades a desenvolver o aspecto máis creativo das nenas e nenos participantes traéndonos algún material de refugallo que vos iremos pedindo segundo non faga falta nas actividades (rolos de papel hixiénico, tetrabricks, etc.)

MONITORADO

O equipo de monitoras tentarán axudarnos en todo aquilo que precisedes. Todas elas contan con ampla experiencia no traballo socioeducativo e deportivos con nenas e nenos.

RECOMENDACIÓNS E NORMAS XERAIS

- ➔ Manterase en todo momento, absoluto respecto polos nenos e nenas, familias e monitorado.
- ➔ Do mesmo xeito, respectarase o material e farase bo uso das instalacións do campamento.
- ➔ Os horarios de entrada e saída son de obrigado cumprimento.
- ➔ Os nenos e nenas non deben traer obxectos persoais como xoguets, contos, bonecos, peluches, etc, para evitar vías de transmisión do coronavirus e non nos facemos responsables das perdas ou deterioro dos mesmos.
- ➔ Os teléfonos móbiles, consolas portátiles e videoxogos están prohibidos no **Campamento de Verán 2021**.
- ➔ Recoméndase que a roupa de nenos e nenas participantes veña marcada co seu nome.
- ➔ No caso de que algunha nena ou neno teña algún contratempo, nos poremos en contacto coa súa familia inmediatamente.

NORMAS SANITARIAS XERAIS

- ➔ Os nenos ou nenas con parasitos (piollos, de pel ou parasitos intestinais), non poderán asistir ao campamento.
- ➔ Está prohibido a administración de medicamentos na duración do campamento por parte do monitorado, unicamente se realizará baixo informe médico.
- ➔ En caso de que o pequeno ou pequena se poña enfermo ou enferma, seredes inmediatamente avisados e teredes que vir a recollelos/as.

ADAPTACIÓN ÁS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE CONTAXIOS DA COVID-19

Debido á situación de Alarma Sanitaria por causa do coronavirus COVID-19, faise preciso ter en conta unha serie de medidas e recomendacións para minimizar o risco de contaxio. As propostas para o desenvolvemento no **Campamento de Verán 2021** son as seguintes:

1. Non poderán participar no campamento:
 - Nenos e nenas diagnosticados positivos por COVID-19.
 - Nenos e nenas que presenten calquera sintomatoloxía que poida estar asociada ao COVID-19 durante os 14 días previos á actividade. A sintomatoloxía é: tose, febre e/ou dificultade ao respirar.
 - Nenas e nenas que estiveran en contacto estreito ou compartindo espazos sen gardar a distancia de seguridade con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos ao inicio da actividade.
2. **Máscara obrigatoria. As nenas e nenos deberán traer máscara da casa** e tela posta correctamente (tapando nariz e boca) en todo momento, excepto cando realicen actividade física intensa.
Lavado de mans con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas. Esta hixiene de mans debe realizarse sempre:
 - Tras cambiar de actividade.
 - Antes e despois de merendar e comer.
 - Despois de ir ao lavabo.

Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.

Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

Evitar coller pertenzas alleas, así como o material do monitorado. De ser necesario facelo, procederase a desinfectar o material posteriormente.

Tras ir ao lavabo, accionar a cisterna coa tapa do inodoro baixada.

3. Programación de actividades está adaptada para que non haxa contacto físico ou haxa o menor contacto físico entre as nenas e nenos.

As actividades deberán realizarse prioritariamente ao aire libre.

Cando se realicen en espazos pechados, manterase a distancia de 1,5 metros, así mesmo realizarase unha correcta ventilación do espazo.

4. O primeiro día de actividade organizarase unha dinámica lúdica (xogos, cancións, debuxos, etc.), adaptada de idade das nenas e nenos, para que coñezan as diferentes medidas de prevención, hixiénico-sanitarias e os distintos protocolos que se deben seguir.

Incidirase na propia hixiene persoal (**lavado de mans con auga e xabón, distancia interpersoal de seguridade, uso de máscara**) e no protocolo de detección ante calquera síntoma vinculado co COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor de referencia.

5. Todo o material das actividades desinfectarase diariamente ao remate das actividades.
6. No servizo unha das persoas do servizo velará polas medidas establecidas neste documento. Será tamén a persoa encargada de comunicar á empresa que contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade se existise algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control.
Teléfono da **Xefatura Territorial de Sanidade de Pontevedra: 986 885 800.**

7. As familias das nenos e nenas participantes deberán colaborar en todo momento e respectar as medidas preventivas propostas para o **Campamento de Verán 2021.**

Débase ter especial coidado no momento da chegada e da recollida das nenas e nenos no servizo, co obxecto de evitar as aglomeracións e manter a distancia física de seguridade.

A recepción de nenas e nenos polas monitoras farase prioritariamente no exterior das instalacións, de xeito ordenado e escalonado.

Deben comunicar canto antes ao monitorado, calquera manifestación de síntomas relacionados coa COVID-19 por parte dos nenos ou nenas e, deste xeito, poñer en marcha o protocolo de illamento.

Unha vez se confirmen os síntomas contactarase telefonicamente co Centro de Saúde de Pontecesures, no 061 ou no número 900 400 116.

NUNCA SE ACUDIRÁ AO CENTRO DE SAÚDE, chamarase previamene.

8. As instalacións municipais están adecuadas á nova normalidade:
- Reforzarase a limpeza e desinfección das instalacións, prioritariamente dos aseos.
 - Nos aseos garantirase o subministro de dosificadores de xabón e papel desbotable para secar as mans.
9. Se un nenos ou nena amosase síntomas compatibles coa COVID-19 durante a súa estancia no **Campamento de Verán 2021**, illaráselle inmediatamente do resto do grupo e chamarase á familia para que o veña a recoller contactando nos teléfonos indicados.

Fisterra, a 30 de xuño de 2021